

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE BURELA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE "MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE BURELA. NOVA EDAR DE BURELA. BURELA (LUGO)", COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 60% DO GASTO ELIXIBLE, NO MARCO DO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de Presidenta de Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, en relación co artigo 2.b.1 do Decreto 49/2022, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

Doutra parte, María del Carmen López Moreno, alcaldesa do Concello de Burela, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Burela ten atribuídas competencias en materia de saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c) e 86.2 configura o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a



depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularase a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 17 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, establece que as administracións públicas titulares de infraestruturas e as administracións públicas responsables dos servizos relacionados coa xestión do ciclo integral da auga traballarán para conseguir, entre outros obxectivos xerais, os seguintes: a mellora e innovación na xestión do ciclo integral da auga e nas tecnoloxías aplicables para incrementar a eficiencia no uso e na protección dos recursos hídricos, coa utilización das mellores técnicas dispoñibles; a realización dos labores de mantemento e reparación axeitados para protexer as infraestruturas existentes e conservalas nas condicións óptimas para a prestación dos servizos; ou a reposición das infraestruturas vinculadas á xestión do ciclo integral da auga cando esgoten a súa vida útil.

Cuarto. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto. O tratamento das augas residuais do núcleo de Burela lévase a cabo nunha EDAR construída no ano 1999, na zona de servizo do porto desta localidade, cuns criterios de deseño que se superan, de forma que o efluente incumpre habitualmente tanto a Directiva 91/271/CEE como a autorización de vertedura. Así, actualmente a aglomeración urbana de



Burela está incluída no procedemento sancionador nº 2017/2100 da Comisión Europea contra o Reino de España.

Para resolver os problemas no sistema de saneamento de Burela proxectáronse unha serie de actuacións que están divididas en dúas fases:

A primeira fase consiste na execución dun novo colector xeral, con instalación dunha estación de tratamento e bombeo de augas residuais na zona portuaria para concentrar o caudal destes colectores e bombealo á nova EDAR.

O 25.04.2022 a Dirección de Augas de Galicia, por delegación da Presidencia (Resolución do 30.1.2012, DOG núm. 21, do 31.1.2012), resolveu aprobar a colaboración técnica e financeira solicitada polo Concello de Burela para a execución da referida primeira fase, a obra denominada "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)", clave OH.327.646. Estas actuacións están actualmente en execución. A segunda fase consiste na execución dunha nova EDAR que inclúe pretratamento, tratamento biolóxico e desinfección. A solución adoptada consiste nun proceso de tratamento de lodos activos en modalidade de aireación prolongada, coa particularidade de dispoñer un reactor biolóxico en forma de coroa circular arredor dos decantadores secundarios, o que permite unha instalación máis compacta que reduce o espazo de implantación.

As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio son as definidas no proxecto da segunda fase denominado "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Nova EDAR de Burela. Burela (Lugo)", clave OH.327.694.

O Pleno do concello de Burela en sesión ordinaria celebrada con data 06.10.2022, adoitou, entre outros, o acordo de aprobación inicial do proxecto da obra "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Burela (Lugo)", e así o certifica o Secretario do concello o 07.10.2022.

Así mesmo, o 08.03.2023 formalizouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e o Concello de Burela en relación coas actuacións no dominio público



portuario para a execución e mantemento das obras “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo). OH.327.646” que ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a entidade pública empresarial Portos de Galicia e o Concello de Burela, para determinar as condicións nas que Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no proxecto “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo)”, de clave OH.327.646, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Burela).

Este tipo de actuacións pretende dar cumprimento aos obxectivos da Directiva Marco da Auga, da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento de augas residuais urbanas e da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Esta actuación de saneamento e depuración que se pretenden levar a cabo no Concello de Burela no marco do presente convenio de colaboración figuran incluídas explicitamente na relación de actuacións prioritarias no ámbito do saneamento que se remitiu á Comisión Europea como anexo ao Programa Operativo. Ademais, esta actuación está alineada co Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, dentro do Capítulo 12 “Programa de Medidas”, apéndice 12.2 “Listado de medidas do Programa 2026-2021”, páxina 7, co Plan de Saneamento de Galicia e a estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través de Plans de Saneamento Locais.

Sexto. O 23 de xaneiro de 2026 o Concello de Burela prestou a súa conformidade ao proxecto para a execución da actuación de “Mellora do sistema de saneamento de Burela. Nova EDAR de Burela. Burela (Lugo).

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONVENIO



É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Burela que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Nova EDAR de Burela. Burela (Lugo)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1ª. Contratar a execución das obras. Nesta obriga inclúense:

- a) As actuacións necesarias de comunicación, dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e xestión da obra ata completar a súa finalización, formalización da recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos e posta a disposición do concello que adquirirá a titularidade das obras, antes do 31 de decembro de 2030.
- b) Se durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, estes proxectos serán redactados, supervisados e aprobados por Augas de Galicia.
- c) A obriga de realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables a súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, durante o prazo de garantía das obras, de conformidade co disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

2ª. Financiar as actuacións nos termos estipulados no convenio.

3ª. Cumprir as obrigas derivadas do financiamento das obras con fondos comunitarios, de ser o caso.



4ª. No ámbito das súas facultades, colaborar coa outra parte no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

5ª. Comunicar ao concello o inicio do prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final a Augas de Galicia durante o cal o concello deberá cumprir a obriga prevista no apartado 5, letra a), da cláusula terceira.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

1ª. Para o cumprimento do obxecto deste convenio, e durante toda a súa vixencia o concello obrígase a:

- a) Financiar as actuacións nos termos estipulados no convenio.
- b) Cumprir as obrigas derivadas do financiamento das obras con fondos europeos, de ser o caso.
- c) Colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con este convenio.
- d) Asumir os custos que se xeren pola tramitación dos procedementos para obter os permisos, licencias e autorizacións regulamentarias. Non haberá liquidación ningunha de tributo municipal a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello titular destas. O concello asume tamén ao seu cargo o pagamento de calquera tributo de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras obxecto do convenio.

2ª. Con carácter previo á licitación das obras, o concello obrígase a:



- a) Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias que sexan necesarias para a licitación e execución das obras.
- b) No caso de que o proxecto das obras requira o seu sometemento a trámites de información pública preceptiva consonte á normativa de aplicación, emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. De non ser precisa a realización deste trámite o concello emitirá certificación nese sentido e, en consecuencia, que se cumpren todos os requisitos para que Augas de Galicia poida licitar.
- c) Asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente e a realizar os trámites correspondentes, no caso de que o proxecto das obras requira o seu sometemento a algún trámite de avaliación ambiental. Neste suposto, con carácter previo á licitación das obras, o concello deberá acreditar a finalización da tramitación ambiental correspondente. No caso de que a tramitación ambiental xa fose realizada, o concello asumirá as obrigas ambientais posteriores á entrega da obra.

3ª. Con carácter previo ao inicio das obras o concello obrígase a:

- a) Poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado para a execución das obras a que se refiren as actuacións obxecto do convenio. De non ter acreditado á sinatura do convenio a disposición da totalidade dos terreos, o concello deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación cos bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.



Tendo en conta que o proxecto das obras descritas na cláusula primeira afecta ao dominio público portuario, estarase ao disposto no convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e o Concello de Burela en relación coas actuacións no dominio público portuario para a execución e mantemento das obras "Mellora do sistema de saneamento de Burela. Fase I. Novo colector xeral de Burela. Burela (Lugo). OH.327.646" asinado o 08.03.2023.

- b) De ser necesario para a execución das obras, o concello deberá realizar todas as xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorización regulamentarias.

4ª. No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificar o proxecto, tal e como se recolle no apartado 1, letra b), da cláusula segunda, o concello deberá remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria para a súa redacción, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio sen máis trámites que a comunicación ao concello.

5ª. Unha vez executadas as obras o concello obrígase a:

- a) Recibir as obras que se refiren e, como titulares delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, o que será comunicado por Augas de Galicia ao concello, de acordo co artigo 65.1 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
- b) A utilizar as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.



CUARTA. FINANCIACIÓN EUROPEA

A execución das obras de referencia serán cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 60% do gasto elixible no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027. A actuación enmárcase dentro do Programa no Obxectivo Político 2 "Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, o investimento verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible"; Prioridade 2A "Transición verde"; Obxectivo Específico 2.5 "Promover o acceso á auga e unha xestión hídrica sustentable"; Liña de Actuación 2.5.03 "Investimentos en materia de saneamento e depuración necesarias para o cumprimento das Directivas en materia de augas", Ámbito de Intervención TI0066 "Recollida e tratamento de augas residuais de acordo cos criterios de eficiencia enerxética"; Operación "Mellora da rede de saneamento e nova EDAR de Burela". Polo que, se deberán observar os criterios de elixibilidade, xestión, publicidade e control propios dos documentos de programación e da normativa comunitaria de aplicación ao FEDER.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto dos programas do citado fondo europeo, así como as obrigas en materia de información, visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no documento "O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021-2027" publicado pola Comisión Europea, na normativa comunitaria de aplicación e nas Guías de Comunicación elaboradas polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios ao presente convenio.

No caso de que a Comisión Europea adoite decisións que impliquen correccións financeiras e/ou descertificacións de fondos europeos, consecuencia de causas imputables á entidade local, o concello obrígase a asumir os ditos importes económicos.



QUINTA. OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO E RÉXIME DE FINANCIAMENTO

1. O investimento total das actuacións obxecto deste convenio ascende a oito millóns setecentos dezaseis mil novecentos noventa e dous euros con corenta e cinco céntimos (8.716.992,45 €), coa seguinte previsión inicial de anualidades de gasto:

| Exercicio | Importe |
|--------------|---------------------|
| 2026 | 1.771.767,42 |
| 2027 | 2.657.651,15 |
| 2028 | 3.543.534,85 |
| 2029 | 744.039,03 |
| Total | 8.716.992,45 |

2. Os gastos que se xeren en execución deste convenio terán o seguinte financiamento:

a) O concello achegará o 5% do custo total das actuacións obxecto deste convenio que ascende a catrocentos trinta e cinco mil oitocentos corenta e nove euros con sesenta e dous céntimos (435.849,62 €).

b) Augas de Galicia achegará o 95% do custo total das actuacións obxecto deste convenio para as anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029, o que ascende a oito millóns douscentos oitenta e un mil cento corenta e dous euros con oitenta e tres céntimos (8.281.142,83€), distribuído entre as modalidades 1510 (gasto non elixible), 1020/1520 e 4140 (gasto elixible), tal e como se indica nos apartados c) e d) seguintes.

c) O gasto non elixible será a suma dos gastos en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), de taxa de dirección e inspección de obra e de taxa de dirección dos contratos de servizo en materia de augas e infraestruturas dos contratos e das actuacións de comunicación, e financiarase da seguinte forma:

| | |
|-------------------------------------|---------------------|
| Transferencia finalista do concello | 435.849,62 |
| FCA, canon de auga (1510) | 1.319.172,33 |
| Total do gasto non elixible | 1.755.021,95 |

d) O gasto elixible supón un total de seis millóns novecentos sesenta e un mil novecentos setenta euros con cincuenta céntimos (6.961.970,50€). Deste gasto elixible o custo total subvencionable neto, tras aplicación da porcentaxe de ingresos netos do sector da auga, será de cinco millóns novecentos dezasete mil seiscentos setenta e catro euros con noventa e tres céntimos (5.917.674,93 €). O elixible será financiado pola Unión Europea e



pola Xunta de Galicia mediante transferencia de capital da consellería á que estea adscrita Augas de Galicia, do seguinte xeito:

- Pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027 nun 60% do custo total subvencionable neto.

- Pola Xunta de Galicia nun 40% do custo total subvencionable neto máis o resto do gasto elixible, de acordo co seguinte reparto:

| Anos | Mod 1020/1520 | Mod. 4140 | <i>Custo total Subvencionable Neto</i> | Total Elixible |
|--------------|---------------------|---------------------|--|---------------------|
| 2025 | - | - | - | - |
| 2026 | 693.375,20 | 721.676,22 | 1.202.793,71 | 1.415.051,42 |
| 2027 | 1.040.062,80 | 1.082.514,34 | 1.804.190,57 | 2.122.577,14 |
| 2028 | 1.386.750,39 | 1.443.352,45 | 2.405.587,41 | 2.830.102,84 |
| 2029 | 291.177,16 | 303.061,94 | 505.103,24 | 594.239,10 |
| Total | 3.411.365,55 | 3.550.604,95 | 5.917.674,93 | 6.961.970,50 |

- Na modalidade 1020/1520 recóllese o importe cofinanciado pola Xunta de Galicia do gasto elixible.

- Na modalidade 4140 recóllese o importe cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

3. En todo caso, o concello asumirá o 5% do gasto definitivo derivado da execución dos contratos tramitados para a correcta execución das actuacións conveniadas (obra, asistencia técnica á dirección de obra, seguridade e saúde, todos aqueles que a dirección de obra nomeada considere necesarios para a súa correcta execución), incluídas as variacións económicas, á alza ou á baixa, orixinadas por modificacións, revisións de prezos, liquidacións dos contratos ou posibles indemnizacións aos contratistas derivadas do cumprimento da vixente normativa sobre contratos do sector público.

4. Na contabilidade de gasto de Augas de Galicia deberán diferenciarse as distintas modalidades de gasto para poder realizar un adecuado seguimento contable das fontes de financiamento do convenio.

5. Unha vez adxudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.



6. Durante a execución do gasto, Augas de Galicia contabilizará o gasto na conta financeira 230 investimentos xestionados para outros entes públicos. Unha vez se entregue a infraestrutura ao concello, a efectos da súa baixa no inventario de Augas de Galicia, trasladarase o gasto acumulado mediante asento contable á conta financeira 6556 transferencias de capital a corporacións locais.

7. Augas de Galicia asume os compromisos económicos que se deriven da execución das obras segundo a previsión inicial de anualidades de gasto, sen prexuízo dos pagos que debe realizar o concello consonte ao indicado na cláusula seguinte.

8. En función das súas dispoñibilidades, Augas de Galicia poderá substituír total ou parcialmente o financiamento da Xunta de Galicia por fondos propios da entidade.

SEXTA. COMPROMISO DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO

1. O concello asume o compromiso económico de pagar catrocentos trinta e cinco mil oitocentos corenta e nove euros con sesenta e dous céntimos (435.849,62€), de acordo co seguinte calendario de pagos:

| Ano | Importe |
|--------------|-------------------|
| 2026 | 88.588,37 |
| 2027 | 132.882,56 |
| 2028 | 177.176,74 |
| 2029 | 37.201,95 |
| TOTAL | 435.849,62 |

2. Para o financiamento deste convenio, o concello achega a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente das anualidades futuras. Unha vez asinado o convenio, e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D), tanto de exercicio corrente como de exercicios futuros, que recolla a súa achega económica.

3. En todo caso, as achegas municipais axustaranse ao ritmo de execución das actuacións conveniadas, comprometéndose Augas de Galicia, ao final de cada exercicio, a remitir ao concello a documentación xustificativa do gasto efectuado que incluírá as certificacións, os xustificantes de pagamento e o certificado do gasto non elixible executado.



3. Anualmente o concello deberá recoñecer a súa obriga con Augas de Galicia de acordo co ritmo de execución de gasto certificado. Se no prazo de tres meses desde a recepción da notificación da documentación xustificativa para efectuar o pago da anualidade correspondente non se efectuase o pagamento, remitirase o importe íntegro da débeda ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta, de conformidade co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

SÉTIMA. TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá o seu mantemento e explotación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia de cooperación técnica e económica, de acordo co establecido neste convenio.

Augas de Galicia comunicará ao concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento dos compromisos de explotación, conservación e mantemento asumidos neste convenio.

O concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.

No suposto de que o concello non asista ao acto de posta a disposición, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndoo á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.



OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción deste convenio non implica relación laboral entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha como empregador, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada parte para desenvolver as seguintes actuacións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- b) Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

DÉCIMA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.



Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

UNDÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2030.

DUODÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o concello e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste convenio a redistribución das anualidades de crédito inicialmente prevista no apartado 1 da cláusula quinta que se deriven do ritmo de execución das actuacións, sempre que non se incremente o seu importe global nin afecte ao calendario de pagos que asume o Concello, previsto no punto 1 da cláusula sexta. Neste suposto estarase ao disposto no punto 4 da cláusula sexta.

DÉCIMO TERCEIRA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- a) o cumprimento do seu obxecto
- b) o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) o mutuo acordo entre as partes asinantes
- b) a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes



- c) a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.
- d) A necesidade de acadar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a parte que considera que se está producindo un incumprimento deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos e informará, achegando copia do citado requirimento, á outra parte e á comisión de seguimento do convenio. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará a outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Así mesmo, será causa de extinción do convenio o suposto no que Augas de Galicia non poida licitar ou executar as obras pola non concorrencia de todos os requisitos esixibles pola normativa. Neste caso Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no convenio, sen máis trámite que a comunicación ao concello e sen prexuízo da imputación das responsabilidades que poida ter lugar.



Non obstante todo o anterior, se cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sétima deste convenio.

DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEXTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.



Os beneficiarios dos fondos FEDER deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Anexo IX e nos artigos 47 e 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

DÉCIMO SÉTIMA. PRINCIPIO DE NON CAUSAR DANO SIGNIFICATIVO

De acordo co disposto no artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados, as actuacións que se leven a cabo respectarán o principio de «non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente» (principio “do no significant harm” - DNSH). En atención ao considerando 10 do citado Regulamento o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles.

Por tanto, todas as actuacións obxecto deste convenio deben cumprir o principio de non causar un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles:

1. Mitigación do cambio climático
2. Adaptación ao cambio climático
3. Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños
4. Transición cara a unha economía circular
5. Prevención e control da contaminación



6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

A liña de actuación na que se inclúe o presente convenio avalíase como compatible co principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

DÉCIMO OITAVA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

Así mesmo, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente convenio de colaboración poderá poñer os devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito Servizo na dirección web <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>.



A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obriga débese aplicar nas diferentes fases do convenio a todas as persoas que interveñen no mesmo.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan de maneira electrónica este documento

